



# Ensinanzas de persoas adultas

## Ensinanzas de persoas adultas

### Que se pode estudar nos centros que imparten ensinanzas para persoas adultas?

- Ensinanzas básicas iniciais.
- Educación secundaria para persoas adultas.
- Bacharelato.
- Ensinanzas non regradas.

### Que son as ensinanzas básicas iniciais?

Estas ensinanzas inclúen a alfabetización e a consolidación das competencias en lectoescritura e matemáticas.

### Que son as ensinanzas de graduado en secundaria?

- Conducen á obtención do título de graduado en secundaria.
- Organízanse en ámbitos de coñecemento (comunicación, social e científico-tecnolóxico) e desenvólvense ao longo de catro módulos cuadrimestrais (dous cursos escolares).
- As persoas que teñan o título de graduado escolar teñen validados os módulos 1 e 2 dos tres ámbitos de coñecemento, e acceden directamente ao módulo 3.
- As persoas que superaran materias de ESO ordinaria poden validar parte dos módulos.
- Estas ensinanzas pódense cursar polas modalidades presencial, semipresencial e a distancia telemática.

### Que son as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas?

- Conducen á obtención do título de bacharelato.
- Teñen o mesmo currículo e a mesma organización xeral que o bacharelato de réxime ordinario.
- O alumnado pode permanecer nestes estudos durante máis tempo: seis anos na modalidade presencial e sen límite nas modalidades a distancia.
- Pódense cursar tamén polas modalidades presencial, semipresencial e a distancia telemática.
  - O alumnado da modalidade semipresencial ten que asistir obrigatoriamente a unha hora semanal de titoría por cada unha das materias en que se matriculara.
  - O alumnado da modalidade a distancia telemática recibe a súa atención a

través dunha plataforma de educación a distancia e non ten titorías presenciais obrigatorias. Estas ensinanzas son impartidas desde o IES San Clemente, de Santiago de Compostela, para toda Galicia e os exames poden realizarse nos centros EPA de todas as cidades galegas.

### Que son as ensinanzas non regradas?

Son ensinanzas que abordan contidos e habilidades de grande interese para as persoas adultas, malia non conduciren á obtención dun título académico. Algunhas delas son:

- Cursos de Aula Mentor.
- Galego e castelán para inmigrantes.
- Lingua inglesa.
- Lingua francesa.
- Informática.
- Preparación de probas para o acceso a ciclos profesionais de grao medio.

### Onde se poden cursar estas ensinanzas?

- En seis centros específicos de educación de persoas adultas (EPA), dos que hai un en cada cidade de Galicia.
- En 72 institutos de educación secundaria de toda a Comunidade Autónoma.

### Máis información

- [educadultos@edu.xunta.es](mailto:educadultos@edu.xunta.es)
- Teléfono: 981 546 549
- [www.edu.xunta.es/web/ea/](http://www.edu.xunta.es/web/ea/)



ENSINANZAS DE  
PERSOAS ADULTAS